

Madrygal e os seus piares

Carmen MEJÍA RUIZ

Cando lle dixen a Roberto que se debería facer algo nos “Dez anos” de vida de *Madrygal*, eu pensaba nun estudo sobre o contido da revista. Pero aínda que a miña idea fose diferente —pódese facer noutra ocasión— eu tamén desexo aportar a miña crónica. Efectivamente, na sétima con Ana e Miguel estivo a redacción de *Madrygal* e segue, agora, con Roberto. Eles fixeron e fan o traballo máis ingrato da revista —o traballo de secretario xamais foi agradecido—, pero cando o número está na rúa sempre xorde un sorriso e un brillo nos ollos. Eles, co seu esforzo, cos pequenos sabores cotiáns, fixeron e fan que *Madrygal* camiñe e vexa a luz, e por iso lles desexo expresar o meu agradecemento máis sincero. Os piares desta revista son “os mozos”, “os bolseiros” da Xunta de Galicia, embaixadores da *Lingua e da Cultura Galega* na nosa universidade grazas ó Convenio¹ que se firmou xa hai tanto tempo. Polo tanto mentres estes “mozos” sigan con nós, *Madrygal* será sinónimo de “mocidade”. Así pois, graciñas Ana, Miguel e Roberto.

Madrygal para min ten, ademais, outros piares moi consolidados. Os máis importantes son: o seu director honorífico, o profesor Alonso Zamora Vicente e o profesor Xesús Alonso Montero.

Zamora Vicente deixounos o ano pasado pero estará sempre en *Madrygal*. Cada vez que recibía un novo número de *Madrygal* o profesor chamábame para darme os parabéns. Pero co número oito, volveuse tolo para atoparme, tiña un interese especial porque desexaba dicirme o “fermosa que era a revista e felicítarnos polo traballo tan serio que estabamos a facer coa *lingua e a cultura galegas*”. Eu díxenlle que iso o aprendera con el. Zamora Vicente sempre defendeu as linguas minoritarias na nosa universidade; el mesmo con-

to, no número dous desta revista, o que tiña que facer para ter profesorado e que ese proxecto fose adiante. Hoxe temos un convenio, un “bolseiro” que espalla a lingua galega ós estudantes e unha “fermosa revista”, para min a “máis fermosa” porque é como outra filla máis, e as nais non somos obxectivas. Moitos anos, moita loita e moito esforzo por facer que o galego estea con nós nesta universidade, por iso Zamora Vicente é un piar importante para *Madrygal*.

O profesor Alonso Montero é o outro piar. Dende que comezou *Madrygal*, xa no seu número un, o profesor con Gema Avenzoa enviou un artigo que abría a revista. Ano tras ano Alonso Montero chama puntualmente para saber cando ten que chegar o seu artigo. A súa chamada sempre me emociona. Alonso Montero para min é unha das persoas que nuns momentos moi complicados aportou estudos claves para os estudos desta cultura. Neste caso atopábame eu. Eu bebía dos estudos de Alonso Montero para preparar as miñas clases de “Lingua e Literatura Galega” alá polos oitenta. Máis tarde tiven a oportunidade de coñecelo, de falar con el e de comproba-la súa xenerosidade ó colaborar con *Madrygal*. ¡É tan fermoso escoitar a súa chamada atenta e pendente! Gustaríame, tamén, dicir a Galicia enteira que en Madrid facemos cousas de galego porque cremos nelas, como Alonso Montero cre en *Madrygal*, por iso é o outro gran piar desta revista.

Para rematar tería que falar dos outros piares de *Madrygal* —tan importantes coma os grandes—, é dicir todos os colaboradores que fan realidade o noso soño. A todos eles: graciñas.

Máis nada. Só desexo que o número dez de *Madrygal* vos interese. ¡*Madrygal* faise maior!

¹ Este Convenio renóvase polo apoio dos profesores da titulación de Filoloxía Románica e das correspondentes Institucións da UCM.